

FESTAS DO CARME DE CAMARIÑAS

Camariñas encoméndase á virxe dos mariñeiros

» A localidade da Costa da Morte celebra por todo o alto as festas na honra da súa patroa

B.C. [SANTIAGO]

Camariñas prepárase para vivir as súas tradicionais Festas do Carme do 15 ao 19 de xullo, unha celebración chea de devoción, alegría e cor na honra da Virxe do Carme, a Santa Patroa dos mariñeiros. Estes cinco días prometen unha experiencia inesquecible para residentes e visitantes, cunha programación que combina fervor relixioso e actividades festivas.

As festas comezarán o luns 15 cun estalido ás 12:00 horas, cando 21 salvas de bombas anunciarán o inicio das festividades. Seguidamente, os nenos do campamento de verán de Camariñas darán ini-

cio á tradicional Mini Danza de Arcos, enchendo de cor e música as rúas. Ás 13:00 horas, celebrárase a entrega do prestixioso galardón Camariñán do Ano, un recoñecemento aos logros destacados na comunidade.

O martes amencerá coa Danza de Arcos de Camariñas, que percorrerá as rúas a partir das 9:00 h, acompañada dun grupo de gaitas. A mañá continuará con alboradas e pasarrúas, e a solemne ofrenda floral diante da estatua do Carme ás 11:00 horas. A procesión desde a igrexa de San Xurxo culminará nunha misa de campaña ás 12:00 horas, coa participación do Coro



Camariñas celebra do 15 ao 19 de xullo as súas tradicionais festas na honra da Virxe do Carme // ECG

Parroquial de Camariñas. A chegada da Virxe ao porto será recibida cunha traca de bombas e a tradicional procesión marítima.

Pola tarde, continuarán os pasarrúas de charangas e gaiteiros, e ás 23:00 horas, as orquestras Trébol e New York animarán unha gran verbena. Ás 00:30h, un impresionante espectáculo de fogos artificiais iluminará o ceo.

O mércores, a xornada princi-

piará con pasarrúas de bandas de gaitas e música. Ás 12:00 horas, a procesión de subida da Virxe do Carme encherá as rúas de fervor, seguida dunha gran traca de bombas. A sesión vermú ás 14:00 horas estará amenizada pola orquestra Lume, que tamén actuará na verbena nocturna xunto á popular orquestra París de Noia.

O xoves 18, a partir das 17:00 horas, terá lugar unha gran sardiñada

na Área da Vila, con actuacións musicais e actividades infantís. A noite continuará coa orquestra Olympus e a Disco Macro Impacto, con DJ Bermúdez e DJ Sonic.

O venres 19, o Carmen Dance Fest no Super Escenario-Groove Amigos pechará as festas con actuacións de Toni Seijas, Traffic House, Adrián Gold, Jaygo, Rafa Astray e 4,8k, asegurando unha despedida inesquecible.

Villa de Oro restaurante

Especialistas en platos de pescado y mariscos

www.restaurantevilladeoro.es Areal,5. 15123 Camariñas. A Coruña. 981 736 354

Distribucións "O VILAN", S.L.

Estrella Galicia HIJOS DE RIVERA, S.A.

T. 981 736 007 - 677 858 047
Rúa do Carmen, 18
15123 CAMARIÑAS (A Coruña)
vilan@vilan.telefonica.net

EMACEL ASESORÍA FISCAL LABORAL CONTABLE

SANTIAGO DE COMPOSTELA:
Polígono Industrial del Tambre • T.: 981 552 500
CEE (A Coruña):
Rellena de la Seca, s/n (Edificio Río) - 1º C • T. 981 706 030
CAMARIÑAS (A Coruña):
Rúa da Constitución, 10-1º Dcha. • T. 981 705 406

TALLERES BERMÚDEZ

Mimamos o teu coche

Dor 147 - Camariñas | T. 981 73 07 26 • tallerberm@yahoo.es

BODEGON

Tapas y raciones Comidas para llevar

O PERCEBE

Rampa, 1 • CAMARIÑAS • T. 981 736 157

CAMARIÑAS · XULLO · 2024

FESTAS DO CARME

15: Mini Danza de Arcos de Camariñas
16: Danza de Arcos de Camariñas
17: Ofrenda floral diante da estatua do Carme
18: Verbenas nocturnas
19: Carmen Dance Fest

TREBOL NEW YORK
ORQUESTA FURGO PARIS DE NOIA
OLYMPUS
GRUPO ESCENARIO-GROOVE AMIGOS

CAMARIÑAS

FESTA DO CARME

15-16-17-18-19 de xullo/24

Concello de **Camariñas** A CORUÑA

felices festas